



**MEMORIA XUSTIFICATIVA PARA A CONTRATACIÓN DE
SUBMINISTRACIÓN DO ARRENDAMENTO DE MAQUINARIA,
FERRAMENTA E UTILLAXE**

**Procedemento aberto simplificado sumario
(expediente gasto 2021/EGSER/000056)**

1. INTRODUCCIÓN

O artigo 25 da LRBRL recolle as competencias específicas dos municipios, sinalando que os mesmos, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, poden promover toda clase de actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións dos veciños. O municipio exercerá en todo caso como competencias propias nas seguintes materias:

....
d) *Infraestructura viaria y otros equipamientos de su titularidad.*

...

Neste eido, o Concello de Oleiros presta con medios propios o mantemento de vías e camiños e outras infraestruturas públicas de titularidade municipal dende o Dpto. de Servizos Municipais.

Este servizo efectúase mediante as brigadas de Servizos Municipais con medios e persoal propio.

2. OBXECTO DO CONTRATO

O obxecto do contrato é o arrendamento da maquinaria, ferramenta e utillaxe (CPV 43300000-6 - Maquinaria e equipo de construción) preciso para a realización de obras e servizos directamente polo persoal do Concello de Oleiros, segundo a listaxe que se achega como Anexo I do PPT. O emprego deste tipo de bens está destinado ao mantemento e conservación das infraestruturas e elementos e infraestruturas municipais:

- Vías
- Instalacions deportivas
- Centros municipais
- Colexio e escolas infantis
- Etc..

Comprende tanto maquinaria (miniescavadoras de diversos pesos, dúmperes, rodillos, plataformas articuladas) como pequena ferramenta eléctrica e varios como valos, barreiras ...

3. ANÁLISE TÉCNICA

O contrato suporá o alugueiro de ferramenta e utillaxe para a execución de obras e servizos por parte do persoal do Concello de Oleiros. Achégase unha listaxe orientativa de materiais no Anexo I do PPT, se ben para o caso de necesitarse produtos que non estean incluídos na listaxe contida nos pregos de licitación, e tratarse da mesma familia de produtos (arrendamentos de maquinaria, ferramenta e utillaxe) o adxudicatario virá obrigado a subministrar o produto solicitado polo Concello de Oleiros, aplicando ao PVP que teña fixado para o produto o desconto medio ofertado nesta licitación que se obteña mediante a seguinte fórmula:

% de desconto = 100 - (oferta total realizada sen IVE*100/orzamento base de licitación)





A maquinaria e utillaxe alugados non poderán ter unha antigüidade superior aos 4 anos e deberá cumprir cos requirimentos técnicos establecidos no PPT.

O adxudicatario deberá contar con medios de transporte, propios ou non, para asegurar as entregas sucesivas nas dependencias municipais ou calquer outro punto do municipio onde sexa preciso. No prezo de aluguer inclúese o custo do transporte ata calquer punto do Concello de Oleiros.

A listaxe de produtos do Anexo I do PPT é meramente orientativa, de maneira que o Concello non se obriga a obter finalmente os produtos polos días de alugueiro estipulados na táboa. Os días de alugueiro dependerán, lóxicamente, das necesidades xurididas no Concello, e non terán por que respectar o establecido na táboa referida. A táboa ten como finalidade primordial permitir a valoración do contrato e baséase nunha estimación que podería non cumprirse de xeito total.

4. CONSIDERACIÓNS ECONÓMICAS

a. Duración do contrato

O contrato terá unha duración de 2 anos, cunha prórroga de 1 ano de duración.

b. Prazos de entrega

Prazo máximo de entrega da maquinaria/utillaxe solicitada: 7 días naturais dende a solicitude por parte do Concello de Oleiros, salvo oferta realizada pola empresa na que se fixe un prazo inferior.

c. División en lotes

Non se procede á división en lotes porque, consonte ao artigo 99.3.b) LCSP, se considera que a adxudicación a un único licitador facilita a xestión e coordinación de aluguer que participan conxuntamente en obra. Ademais, produce economía de escala que permite abaratar subministracións mantendo a calidade. A división en lotes non é posible porque os elementos subministrados utilízanse de xeito simultáneo na maior parte de ocasións, e a existencia de diversos provedores dificultaría as tarefas de coordinación e execución.

d. Orzamento base de licitación

Orzamento base de licitación	IVE	orzamento con IVE
24.000,00 €	5.040,00 €	29.040,00 €

e. Valor estimado

Orzamento base de licitación	24.000,00 €
Prórrogas	12.000,00 €
Modificacións previstas (20%)	4.800,00 €
TOTAL	40.800,00 €

f. Aplicacións orzamentarias

ANUALIDADE	APLICACIÓN ORZAMENTARIA		TOTAL
2021	6.117.020.300	A.X.Med.Amb.Serv.Municip.Arrend.maq.inst.e ferram.	7.260,00 €
2022	6.117.020.300	A.X.Med.Amb.Serv.Municip.Arrend.maq.inst.e ferram.	14.520,00 €
2023	6.117.020.300	A.X.Med.Amb.Serv.Municip.Arrend.maq.inst.e ferram.	7.260,00 €
TOTAL			29.040,00 €





5. ANÁLISE DO PROCEDEMENTO

O procedemento máis axeitado é o procedemento aberto simplificado sumario con multiplicidade de criterios para fomentar a libre concorrència. Este contrato cualifícase como de subministro en virtude do artigo 16 LCSP.

6. CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN

Criterios de adxudicación suxeitos a avaliación posterior - obxectivos		Ponderación
OFERTA ECONÓMICA	Oferta económica realizada sobre a previsión de necesidades de servizos. De acordo coa fórmula elaborada, por pedido da Deputación Provincial da Coruña, pola Facultade de Matemáticas da USC e cuxo desglose, explicación de la fórmula e aplicación para o seu coñecemento figura no seguinte enlace: https://www.dacoruna.gal/valoracion/	10,00 puntos
REDUCCIÓN NO PRAZO DE ENTREGA	Entrega en 1 día: 5 puntos Entrega en 3 día: 3 puntos Entrega en 5 día: 1 punto Entrega en máis de 5 días: 0 puntos	5,00 puntos
TOTAL		15,00 puntos

7. CONCLUSIÓN

- Este contrato de subministro prevé asegurar o correcto fluxo de materiais para o correcto mantemento preventivo e correctivo dos bens de titularidade municipal.
- A duración proposta será de 2 anos cun ano de eventual prórroga, e unha modificación prevista que poderá acadar ata o 20% en caso de xurdir necesidades non previsibles.
- O adxudicatario deberá contar con medios de transporte ou compromiso de subcontratación deste servizo asociado.
- O adxudicatario deberá comprometerse a ter en stock os materiais descritos no Anexo I do PPT.
- O responsable do contrato será don Ramón E. Martín Palma, coordinador da Área de Servizos Municipais.

Asinado dixitalmente por don Ramón E. Martín Palma, coordinador da Área de Servizos Municipais, e dona María José Varela Neira, 1ª Tte. de Alcalde

